O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres “A”, procédese a continuación á apertura dos Sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante fórmulas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

TASO Desarrollos S.L.

1.- Precio total ofertado (sin IVA):

Importe sin IVA: 31.900,00 €

IVA (21 %): 6.699,00 €

Importe total ofertado: 38.599,00 €

2.- Experiencia del equipo de trabajo en el ámbito de la Agenda 2030 y similar al objeto del contrato



	Experiencia en el ámbito de la Agenda 2030 y en trabajos equivalentes o similares al objeto del contrato *
Director de proyecto Persona propuesta: Enrique Hernández Martínez	1.- Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integral (EDUSI) de Huelva. Elaboración de Estrategia de Desarrollo Urbano Sostenible Integral (EDUSI) de la ciudad de Huelva. 2.- Estrategia de Desarrollo Local de la Costa Occidental de Huelva. Realización de informes para la estrategia de desarrollo local de la Costa Occidental de Huelva. 3.- Plan Director de Turismo de Dos Hermanas. Elaboración de los contenidos del Plan de Turismo de Dos Hermanas, para el Plan de Grandes Ciudades de la Junta de Andalucía. 4.- Plan Estratégico Sevilla 2030. Coordinación de la elaboración del Plan Estratégico Sevilla 2030 y del proceso de participación ciudadana.
	5.- Evaluación de los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) en la ciudad de Sevilla. Localización de los ODS de la Agenda 2030 en la ciudad de Sevilla. 6.- Elaboración de Directrices Estratégicas para la Zona Franca de Sevilla. Diseño del diagnóstico y líneas estratégicas para la Zona Franca de Sevilla. 7.- Planificación estratégica de turismo de la comarca del Aljarafe de Sevilla. Diseño y elaboración de directrices estratégicas de turismo de la comarca del Aljarafe de Sevilla. 8.- Coordinación de la Oficina de Desarrollo Estratégico de Huelva. Tareas de apoyo al Ayuntamiento de Huelva en la gestión de proyectos estratégicos urbanos. 9.- Agenda Urbana de Huelva. Coordinación de la elaboración de la Agenda Urbana de Huelva. 10.- Agenda Urbana del Área Funcional Sierra de Cádiz. Coordinación del trabajo para la Mancomunidad de Municipios de la Sierra de Cádiz, un ámbito integrado por 19 municipios y 115.000 habitantes.
Consultor senior Persona propuesta: Miguel Rivas Casado	1.- Evaluación de impacto del plan de ayudas para ampliar y diversificar la oferta cultural en áreas no urbanas. Para Ministerio de Cultura. El plan, fundamentado en la gobernanza multinivel, resultó en 550 proyectos que abarcaron 1.300 municipios rurales. 2.- Contribución al proyecto FUTURE–From Urban To hUman Regeneration [Erasmus+]. El experto formó parte del pool de docentes para el curso piloto “Activadores Urbanos” [diseño y gestión de procesos de regeneración urbana integrados y participativos] impartido por la Escuela de Arquitectura de la Universidad Politécnica de Cartagena. 3.- Estrategia para la Revitalización Integrada del Casco Histórico de Cieza. Realizado en marco de la Agenda Urbana Cieza 2030. El plan de acción contempla 16 ejes de intervención organizados en 3 ámbitos de impulso o transformación regenerativa.



4.- KAIRÓS-Heritage as Urban Regeneration [URBACT programme]. KAIRÓS fue una red transnacional [formada por Mula, Heraklion, Cesena, Sibénik, Roskilde, Malbork, Ukmergé y Belene] dentro del Programa URBACT, que desarrolló actividad durante 30 meses y donde el consultor senior ejerce de Lead Expert.
5.- ROCK-Regeneración y Optimización del Patrimonio Cultural en Ciudades Creativas y del Conocimiento [Programa Horizon 2020]. El consocio ROCK abarcó 10 ciudades (Bologna, Lisbon, Skopje, Lyon, Turin, Liverpool, Athens,

A continuación procédese á valoración da oferta económica detectando que a oferta presentada pola empresa TASO Desarrollos S.L. , de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo ofertado.

A Mesa de contratación acordou facultar ao Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións especialmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

En data 8/07/2025 REXWEB2025051108, a empresa Taso achega a xustificación da baixa temeraria.

En data 9/07/2025 a Directora do proxectos europeos, informa favorablemente a xustificación da baixa achegada por Taso, co csv QIJ9N49ZBDGV5RV2.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Taso Desarrollos S.L.
1.Prezo	48
2. Experiencia do equipo de traballo no ámbito da Axenda 2030 e similar ao obxecto do contrato.	16
Total sobre B	60

As puntuación totais dos sobres A+B son as seguintes:

TOTAL PUNTUACION A (Ata un máx. de 36 puntos)	27
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 64 puntos)	64
TOTAL A+B	91

A Mesa de contratación acorda:



- 1) Prestar conformidade ao informe da Directora de proxectos europeos co csv QIJ9N49ZBDGV5RV2 e en base ao mesmo entender xustificada a oferta da empresa Taso Desarrollos S.L. e admitila.
- 2) Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa Taso Desarrollos S.L. ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do devandito servizo, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitador	Sobre A	Sobre B	Puntuación
1ª	Taso desarrollos S.L. (B91686741)	27	64	91

- 3) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do "Servizo de dinamización e apoio metodolóxico no marco do proxecto Axenda 2030 local, cofinanciado polo Feder ao 75% dentro do programa de Cooperación transfronteriza España-Portugal (POCTEP)2021-2027", á empresa Taso desarrollos S.L.(B91686741) que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Taso desarrollos S.L.(B91686741) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, o cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia, co Estado e coa "Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

- 4) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira a empresa Taso desarrollos S.L.(B91686741) mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.
- 5) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

9. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000. (Expte.- 2025005763).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 22.35232, de data 16 de maio de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da Subministración e execución das obras renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-00382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico programa DUS 5000.

O anuncio de licitación enviouse ao DOUE en data 16/05/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18/05/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 5/06/2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

		Lotes
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO S.L.	(B-3638084)	1,2
INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA SLU	(B-36469625)	1,2
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.	(A-08001182)	1

A Mesa de Contratación na reunión do día 5/06/2025 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo Cooperación, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

En data 19/06/2025 polo persoal Técnico do servizo de Cooperación emítese informe de valoración das ofertas técnicas co csv. 89BUREYK6L4372BC.

O certificado de aprobación das valoracións técnicas ten o csv XGI4XFLD2EQZ2HY6 e no que se conclúe o seguinte:

"(...) Cabe citar que a empresa INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.U. non acada o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliáveis mediante un xuízo de valor na valoración realizada do lote 2. "

Non obstante, na análise da devandita documentación, o persoal técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios observa a seguinte omisión na documentación presentada pola empresa Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A. (CIF: A08001182):

-A empresa presenta os estudos lumínicos de cada municipio en formato PDF, indicando resultados dos viales que cumprirían o establecido no prego de prescricións técnicas respecto a



cálculos lumínicos, pero non achega a documentación en formato DLX que xustifique tales resultados.

O Secretario da Mesa de Contratación considera que é necesario e aceptable que se lle requira a aclaración a empresa Sociedad Española de Construcciones Eléctricas, S.A., motivado polo feito de que non completa nin varía a oferta inicial, e non ten relevancia na valoración porque non forma parte do criterio de valoración, senón que serve para acreditar o cumprimento das condicións mínimas.

Conforme ao artigo 141 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a cláusula 13.1 da parte xeral do prego administrativo, comunícase á interesada SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. para que, non prazo de tres días naturais, contados desde ou día seguinte ao da notificación deste escrito aclare ou cumprimento dous requisitos coa achega do documento .DLX referente aos cálculos lumínicos dos viais, presentando a documentación correspondente na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

No informe do xefe do servizo de contratación co csv THWOSOB9TZWUU7KM, recóllese que:

“considérase aceptable a aclaración, xa que non completa nin varía a oferta inicial, e non ten relevancia na valoración porque non forma parte do criterio de valoración, senón que serve para acreditar ou cumprimento das condicións mínimas.

Non caso de non atender ou requirimento non prazo sinalado, considerarase excluída do procedemento.”

Con data 17/6/2025, a empresa SECE presenta instancia xenérica, con nº rexistro: WEB2025046150, e anexando a seguinte documentación:

Nome do documento	CSV	XA1
Anexar documentación	7MKWWQ38RA76R E6Ou	ea36c5e125281d054e7229afef39f2 56350e0d34

A Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada ou 19 de xuño de 2025, ponse de manifesto que a empresa volve a achegar os mesmos arquivos DLX que achegase dentro do prazo de licitación, é dicir, non se incorporou o arquivo ou arquivos en formato DLX ou EVO nos que se xustifican os cálculos lumínicos dos viais polo que acorda excluír á empresa da licitación.

Con data 19/6/2025, a empresa SECE, presenta novamente unha instancia co seguinte documento:

Nome do documento	CSV	XA1
Anexar documentación	61GVDAPGQOCXJ GY0	6d7cd400229eb04598321f31cf994 94a648c8a87



Esta vez se, achega o documento requirido e a Mesa de Contratación na reunión do día 26/06/2025, en base ao informe de aclaración do xefe do servizo de contratación acorda:

1.- Deixar sen efecto o acordo de exclusión adoptado o día 19 de xuño de 2025 e readmitir a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A (lote nº 1), en base ao recollido no informe de aclaración do xefe do servizo de contratación co csv THWOSOB9TZWUU7KM, declarando emendado o defecto, ao achegarse o arquivo DLX requirido dentro do prazo legal outorgado.

2.-Prestar conformidade as puntuacións da empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A. no lote nº 1, cuxa puntuación foi outorgada con anterioridade no informe de valoración das ofertas técnicas co csv 89BUREYK6L4372BC, e que acada unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, para continuar co proceso selectivo en igualdade de condicións co resto dos licitadores e proceder a apertura do sobre "C" .

Nos certificados da mesa de data 19/06/2025 co csv 555YUALHTKV3RZCE e data 26/06/2025 co csv W3M7D81QJF7RANNV, constan os valores ofertados polas empresas, que participan no procedemento aberto e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízo de valor.

Feitas as valoracións económicas a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A., atópase sen baixa temeraria no lote nº 1.

En data 9/07/2025 o enxeñeiro de servizo de cooperación emite informe sobre a xustificación da baixa temeraria achegada por SECE no que conclúe que:

“as múltiples deficiencias que presenta dita valoración implican que non se poida considerar válida. Relaciónanse a continuación as deficiencias máis relevantes entre as expostas ao longo do informe co csv UP3I47H0I3XETDXJ.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións que acadan as empresas no lote nº 1 e 2 no sobre C son as seguintes:

Lote nº 1	Precio (max 30)	Prazo garantía Max 15	Melloras Max 5	Tempo en atender incidencia Max 10	Total puntos
E.INMAC CONDADO	0,833	15	5	10	30,833
INST. E. TERCA	1,779	15	5	10	31,779



Lote nº 2	Precio (max 30)	Prazo garantía Max 15	Melloras Max 5	Tempo en atender incidencia Max 10	Total puntos
E.INMAC CONDADO	1,5	15	5	10	31,5

As puntuación totais dos sobres b+ sobre c, son as seguintes:

Lote nº 1	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL SOBRE B+C
E.INMAC CONDADO	33,5	30,833	64,33
INST. E. TERCA	20	31,779	51,77

Lote nº 2	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL SOBRE B+C
E.INMAC CONDADO	33,5	31,5	65

A Mesa de Contratación, acorda

1.- Excluir ás empresas INSTALACIONES ELÉCTRICAS TERCA S.L.U. que non acada o 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor na valoración realizada do lote nº 2 e a empresa SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIÓN ELÉCTRICAS S.A (lote nº 1) de acordo coas conclusións do informe do enxeñeiro do servizo de cooperación co csv UP3I47H0I3XETDXJ.

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Posición	Lote nº 1	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL SOBRE B+C
1º	E.INMAC CONDADO	33,5	30,833	64,33
2º	INST. E. TERCA	20	31,779	51,77



Posición	Lote nº 2	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL SOBRE B+C
1º	E.INMAC CONDADO	33,5	31,5	65

3. Propor ó órgano de contratación que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato do referido procedemento aberto, á empresa E. INMAC CONDADO S.L. (B-3638084) polos prezos e valores ofertados, no lote nº 1 e 2.

10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”. (Expte.-2024057093).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 23 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.



A Mesa de Contratación na reunión do día 19 de xuño de 2025 tamén procedeu á apertura nos sobres "A", da documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao, con data 8 de xullo de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00	3,00	23,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	14,00	3,00	17,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 8 de xullo de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*".

11. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*". (Expte.-2024057093).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*".



LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	23,00
NAROM, S.L.	19,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	17,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	1.002.100,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	1.020.182,29 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	1.102.542,19 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	1.015.220,85 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



MOVIMIENTO S DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.	1.014.890,09 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	1.035.948,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	30,31	5,00	5,00	5,00	45,31
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	25,17	5,00	5,00	5,00	40,17
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	26,58	5,00	5,00	5,00	41,58
MOVIMIENTO S DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.	26,67	5,00	5,00	5,00	41,67
NAROM, S.L.	20,59	5,00	5,00	5,00	35,59

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra *"Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)"* que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	23,00	40,17	63,17
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	45,31	59,31
3	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.A.	16,00	41,67	57,67
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	41,58	57,58
5	NAROM, S.L.	19,00	35,59	54,59
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	17,00	15,00	32,00

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”* á empresa CONSTRUCCIONONES FECHI, S.L.U., (CIF B-36258861) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 1.020.182,29 €

IVE (21%) 214.238,28 €

Importe Total 1.234.420,57 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, CONSTRUCCIONONES FECHI, S.L.U., (CIF B-36258861) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia



(núm 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONONES FECHI, S.L.U., (CIF B-36258861) mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 51.009,11 €

12. Aprobación das valoración técnicas dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (Expte.-2025006084).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión ordinaria de data 9 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE 15/06/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con



data 16/05/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 19/06/2025 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a “documentación administrativa”, sendo a empresa admitida a licitación a seguinte:

- Xercode Media Software, S.L. (B-70220124).

A Mesa de Contratación na reunión do día 19 de xuño de 2025 tamén procedeu á apertura do sobre “B” correspondente a documentación con criterios avaliábles mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Novas tecnoloxías, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do Servizo de Novas tecnoloxías, Damián Rey Rodríguez, con data 25/06/2025 emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polo licitador (csv: R15B64KZ0LQRLJ1I), figurando a empresa admitida co seguinte resultado:

CRITERIOS	Máximo	XERCODE
Xestión de incidencias	10,00	8,00
Plan de calidade	5,00	4,00
Seguimento e informes	5,00	4,00
TOTALES	20,00	16,00

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido polo Xefe do Servizo de Novas tecnoloxías acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa admitida XERCODE no procedemento aberto convocado para a contratación *do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico, que obtén unha puntuación total de 16 puntos, chegando a alcanzar o mínimo esixido no sobre B (10 puntos) para poder optar á apertura do sobre C.*

13. Apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (Expte.-2025006084).



O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada no sobre “B” pola empresa Xercode Media Software, S.L. (B-70220124) admitida ao procedemento aberto sendo estas as seguintes:

CRITERIOS	Máximo	XERCODE
Xestión de incidencias	10,00	8,00
Plan de calidade	5,00	4,00
Seguimento e informes	5,00	4,00
TOTALES	20,00	16,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” da empresa que acada unha valoración superior ao 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (10,00 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

- Xercode Media Software, S.L. (B-70220124)

1. Menor prezo ofertado

Importe sen o IVE:	108.000,00 €
IVE (21%):	22.680,00 €
Importe total ofertado:	130.680,00 €

2. Ampliación de acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDADE DA INDICENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS	X		-	-	-
ALTA	8 HORAS	X			-	-
MEDIA	24 HORAS	X				



A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e sete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

